

GRUPO MUNICIPAL



LUÍS REI NÚÑEZ, Portavoz do Grupo Municipal Marea Pontevedra, presenta no Rexistro do Pleno a pregunta que conta coa seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cónstanos que, polo menos, os días 20 de decembro de 2015 e 31 de xaneiro de 2016, no Estadio Municipal de Pasarón, durante a disputa de partidos de fútbol do Pontevedra C.F., persoal de seguridade privada e axentes do Corpo Nacional de Policía impediron a exhibición de bandeiras galegas, ameazando con penas de multa en caso de facelo. Alén diso, na segunda das xornadas engadiuse ademais a prohibición de despregar unha faixa en contra da presenza de ENCE na Ría. Ante esta situación, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra formula a seguinte

PREGUNTA:

¿É consciente o Goberno do Concello da violación da liberdade de expresión que se está cometendo nun edificio municipal?

Pontevedra, 17 de febreiro de 2016

O Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

LUÍS REI NÚÑEZ